



GUATEMALA

Diálogo con Lolita Chávez

Alicia Rodríguez e Enric López

S U M A R I O

Diálogo con Lolita Chávez 2

Caravana Abrindo Fronteiras 2017. Destino: Melilla. 4

Sobre as violacións dos dereitos das persoas migrantes e refuxiadas 7

Ás portas do 30 aniversario 9

Por un tratado vinculante que obrigue as empresas transnacionais ao respecto dos Dereitos Humanos 13

XIV Encontro Feminista de América Latina e Caribe. Uruguai, unha viaxe á utopía feminista 15

Protocolo de prevención e actuación ante situacións de acoso 17

Mulleres e conflitos ecoterritoriais. Impactos, estratexias, resistencias 18

EDITA

EntrePoblos

Asociación declarada de utilidade pública UP-78093-SD

MAQUETACIÓN

Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL

B-21094-89

EntrePoblos non se identifica necesariamente coas opinións expresadas nos artigos do presente boletín

Foto de portada:

Ecuador Etxea

O pasado 16 de novembro tivemos a sorte de compartir e conversar con Lolita Chávez ao seu paso por Barcelona. Lolita Chávez forma parte do equipo de coordinación do Consello de Pobos do K'iche' pola Defensa da Vida, Nai Natureza, Terra e Territorio (CPK). Este ano foi nominada ao Premio Sajarov como defensora dos dereitos humanos. Isto é o que xurdiu dese diálogo...

Cal é a situación actual do conflito das empresas transnacionais coas comunidades do Quiché?

As empresas transnacionais chegan ao Quiché nun contexto bastante vulnerable, cunha historia de guerras, colonización e unha forte expresión racista. É un racismo estrutural enfocado á xeración de odio cara aos pobos orixinarios de Guatemala e, especialmente, cara aos pobos que defendemos as nosas cosmovisións, a nosa expresión de vida e a nosa existencia.

No Quiché hai bastante cultura de relación coa nai terra, coa organización comunitaria, pero á vez atopámonos coa presenza dun estado que marxina e exclúe: máis do 70% da xente está en situación de empobrecemento extremo, hai moita exclusión en educación, non hai oportunidades laborais para a xuventude. O sistema executivo, o lexislativo e o xudicial están en mans de persoas *ladinas*, e é neste contorno patriarcal, racista e colonizado no que as empresas se apoian para impoñerse.

O estado autoriza licenzas mineiras e hidroeléctricas sen a máis mínima dúbida. Aínda que teña ratificado o convenio 169 da OIT, obvia o dereito á consulta. Aos pobos non se nos informa sobre o tipo de empresa que chega, que tipo de explotación fai, cales son as dimensións territoriais ou os danos colaterais. Non recoñecen a organización dos pobos, nin moito menos a nosa toma de decisións.

O estado chega a intimidar cunha avanzada militar. Despois están os grupos paramilitares que nunca se marcharon destes territorios e que teñen vínculos con estruturas criminais de xente que mata a soldo. Todo isto co engadido da forte corrupción nos funcionarios e representantes do goberno, ben sexa a nivel municipal, departamental ou nacional. A maioría de alcaldes e deputados están vinculados a estruturas criminais, corruptas e ás empresas transnacionais.

E cal foi o papel das consultas comunitarias en todos estes procesos?

Tomar a decisión de facer a *consulta previa, libre e informada* e exercer o *dereito de libre determinación*, de forma autónoma, democrática e pacífica fortaleceu a organización na territorialidade. Ademais tivemos apoio, non só dos pobos orixinarios, senón tamén da cidadanía afectada. Uniuse o contorno urbano co rural, a xuventude puido participar e facer achegas a unhas propostas que nun principio eran «adultocéntricas». O papel das mulleres na toma de decisións foi impresionante. O estado continuou a súa actividade represiva contra un movemento moi democrático, xa que se fixeron máis de 90 consultas, coa participación de máis de un millón de persoas optando polo «Non ás empresas transnacionais» e polo «Si á vida».

Cales foron dende o teu punto de vista os impactos específicos que viviron as mulleres pola defensa do territorio corpo-terra?

Vivimos moita violencia, con compoñentes económicos, políticos, sociais e culturais, pero tamén na nosa mesma vida. Esta violencia dáse en territorios en disputa, con expresións patriarcais e corporativas do neoliberalismo, en contextos colonizados. As mulleres estámolo vivindo como unha situación que atravesamos todo o noso ser. Estannos asasinando polo feito de ser defensoras. Para protexernos temos chegado a ter que saír dos nosos territorios e da participación política nos movementos.

Dáse un aumento moi forte do empobrecemento das mulleres, xa que temos que ver como cubrir economicamente desprazamentos, a nosa defensa penal, as recargas de traballo comunitario e nas casas, que non se visibilizan nos movementos sociais. As mulleres estamos apelando a que sexa un traballo en igualdade de condicións cos compañeiros.

Hai impactos na saúde, porque recibir este ataque frontal por parte das empresas supón un desgaste emocional, físico e

espiritual. Estámolo sufrindo tamén na alimentación, xa que o neoliberalismo entra cos transxénicos e coas grandes cadeas de comercialización que afastan os alimentos de nós mesmas e das nosas familias.

A criminalización diferenciada tamén se está a dar nos territorios, xa que a min criminalízanme dicindo que non só loito contra as transnacionais, senón que tamén son guerrilleira, que estou en contra do desenvolvemento, que fago fuxir o turismo. Pero tamén me chaman bruxa, ya que nós estamos relacionadas coa medicina ancestral e a espiritualidade. Dinme louca e tamén me chegaron a chamar prostituta. Intentaron violarme. Unha das ameazas dicía literalmente «*a esa filla de puta ímola matar, pero antes ímola violar e diante dela imos violar a su filla*». Esta violencia sexual é unha ameaza engadida que debemos sobrelevar polo feito de ser mulleres.

Fomos desprotexidas polo estado de Guatemala e tivemos dificultades para acceder á xustiza. Tócanos tamén loitar pola liberación dos nosos esposos, fillos e pais, ademais de sufrir con situacións de acoso sexual cando imos visitalos aos cárceres.

O racismo seguímolo a vivir moi fortemente, táchase nos de mulleres indias ignorantes. Vivir acusacións falsas é vivir unha tortura psicolóxica e un desgaste emocional, económico, físico e organizativo. Xa non che dan traballo, pois hai entidades que coidan a súa imaxe e, se estamos acusadas, como no meu caso, de asociación ilícita, plaxio e secuestro, de coacción e de ameaza, entón as organizacións din: «*Ben, é mellor que resolvas o teu problema e logo xa falaremos da cuestión laboral*». De ser mestra e educadora pasei a que me sinalen como unha criminal.

Como valoras a túa xira por Europa? Que logros cres que se conseguiron?

Eu xa viñera outras veces a Europa e a emoción que sentira é diferente á que sinto agora. Valoro bastante o traballo que se fai a través das organizacións no País Vasco que son as que me están dando protección agora.¹ Estou nun refuxio temporal, vou regresar a Guatemala e ao Quiché. Valoro moito ter logrado saír con vida, estar con vida é a miña aspiración agora.

Valoro o feito de poder coñecer outros movementos, expresións contextuais e experiencias que están pasando en Euro-

1. Programa de Protección Temporal para Defensoras e Defensores de DDHH do Goberno Vasco.



Rosa Mateu

pa, cómo operan as empresas transnacionais aquí e noutros pobos. Isto dáme unha amplitude de miras, de que o local ten que ver co global. É unha oportunidade porque cando saín estaba moi doída polos ataques mediáticos e armados que sufrira e cun dó moi profundo. É un crime aínda que non me mataran.

Son a voz de moitas voces que quedaron no camiño, de xente que quixo denunciar e non tivo a oportunidade, de mulleres que seguen sendo torturadas nos cárceres, de mulleres que nos territorios sofren violacións, torturas e desaloxos, nenas queimadas e encarceradas por expresar o seu dereito a defender dereitos e eu respiro de diferente forma, énchome de enerxía e digo que hai que seguir este camiño, porque a denuncia é importante, así como a vinculación en redes e a chamada á reflexión a Europa para que os problemas se resolvan na súa orixe e que aquí se saiba qué empresas nos están asasinando alá e se vexa que o que para uns é desenvolvemento segue sendo, para os pobos e as mulleres, principalmente, morte, despoxo e saqueo. ■

«Os pobos orixinarios somos sementes de vida»

«É a vida dos territorios o que estamos a defender»